

Na sombra dos días e na luz das noites conta a lenda que se xestou aquela prebenda do rei, 15 días antes ou 15 días despois de San Bartolomeu ha de haber franco mercado. Non sabían as sombras que séculos despois se abriría unha porta ao pasado para a festa. Franca de ledicia con impostos únicos á tristura. Hai Feira franca de lendas e de soños na ilustre vila de Teucro: Pontevedra. Ha de haber mercado libre, de unguentos, de flores, de feitos, ha de haber xantares: de asados, de doces de convento, de viandas de pobres e de ricos, e ha de haber bailes, dende o amencer ata o solpor, a música anegara as rúas, os bailes acarafiñaran as pedras, haberá novos amores e antigos lumes vivos, haberá encontros e novas paixóns. Ha de haber artesáns de mans privilexiadas, zoqueiros de zapatos máxicos, xoieiros da mesmísima Urraca, creadores de obxectos misteriosos que devolven a felicidade, redeiras que procuran tritóns, coidadores de bestas e outros animais fantásticos. Ha de haber Feira franca, un convivio de personaxes máxicos, un fado de fadas, unha ilusión de meigas, vente, conta a lenda que a Feira ha traer de novo a ilusión, luz, festa, amoríos. Mariñeiros navegantes en mar de ardoras, valentes soldados de Monterrei, de Vimianzo, de Soutomaior, moursas de Tras os Montes, sereas de Fisterra, cabaleiros de Santiago, estraños buscadores de tesouros, xograres namorados, doncelas valentes, con coraxe, libres, han de vir. A festa prenderá como un facho e alumeará mais alá das torres do oeste, converterá as neveiras do Seixo en lagos de cristais e traspasará o Portalén para anunciar que a felicidade non ten volta. Nin lilainas nin lebiatáns, nin serpes nin trasnos, non haberá sombras, só luz deixando estelas de lendas de festa compartida. Ha de haber Feira franca, de mitos e de lendas, agardámoste, na ilustre vila de Pontevedra. Vente, das Terras altas, do alto Umia, da comarca do Sar, das terras do Salnés, da península do Morrazo, vinde Cabaleiros e ilustres damas de Xeve, da Canicouva, de Bora, de Mourente, vinde todos os de Ponte Sampaio, os da comarca toda, vinde hai Feira franca na ilustre vila, agardámoste.



## Feira Franca. Programa 2018

### Venres 31 de agosto. Xornada inaugural

19.00 h. **Pregoeiros a cabalo** anuncian o comezo da XIX edición da Feira Franca polo centro histórico.  
22.30 h. Espectáculo **As portas do Lérez** a cargo das compañías *Kull d'Sake* e *Troula* na Ferraría.

17.30 h. Exhibición de **danza**. *Club Treboada*, Montero Ríos.

17.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**. *Mercenarios do Norte*, Ferraría.

17.30 h. **Animación medieval**. *Olodum do Coio*, centro histórico.

18.00 h. **Pasarrúas de paxaros xigantes e domadores** polas rúas do centro histórico.

18.00 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**. *Asociación Cultural Pola Vila*, centro histórico.

18.30 h. **Música e bailes medievais**. *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, Peregrina.

18.30 h. **Competición-exhibición de tiro con arco**. *Club Boa Vila*, Montero Ríos.

19.00 h. **Pasarrúas de bufóns e trobadores** polas rúas do centro histórico.

19.00 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.

19.30 h. **Exhibición de danza**. *Club Treboada*, Montero Ríos.

19.30 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*, centro histórico.

20.00 h. **Gan torneo medieval**. *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.

21.00 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*, centro histórico.

21.00 h. **Cantar de cego e música medieval**. *Foula*, centro histórico.

21.45 h. **Pasarrúas dos Errantes**, centro histórico.

23.00 h. **Pasarrúas e fin de festa**. *Art Monium*, centro histórico.

### Sábado 1 de setembro. Día da Feira Franca

11.30 h. **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (praza da Ferraría e do Peirao).

11.30 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**. *Asociación Cultural Pola Vila*, centro histórico.

12.00 h. **Recreación do transporte do viño** pola *asoc. Recreativa de Xeve*, *Art Monium*, *Pablo Méndez*, animación, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.

12.30 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**. *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

12.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**. *Mercenarios do Norte*, Verdura.

13.00 h. **Tiro con arco**. *Boa Vila*, Montero Ríos.

13.30 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.

17.00 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**. *Escola Hungaresa*, Montero Ríos.

17.30 h. **Gan torneo medieval**. *Hípica Celta*, praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.





## Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría 2. Praza da Leña 3. Praza do Teucro [azougue] 4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus] 5. Praza da Pedreira 6. Praza da Verdura [feira] 7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba] 8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu] 9. Igrexa de Santa María 10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos] 11. Ponte do Burgo 12. Avda. de Santa María [eirado das torres] 13. Xardíns de Casto Sampedro 14. Avda. de Montero Ríos 15. Praza de Touros 16. As Palmeiras 17. CITA [torres arcebispaís]

## Centro de Interpretación Torres Arcebispaís

Imaxínate como foi a Pontevedra da Feira Franca? No CITA poderás coñecela.

## Fogos para nenas e nenos

### PRAZA DA PEDREIRA

Ás 13.00 e ás 19.00 h. **Espectáculo Lendas medievais cos Quinquilláns.**

De 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. **Circuíto de xogos.**

### SOPORTAIS DA PEDREIRA

De 11.00 a 19.00 h. **Obradoiro de encaixe de palillos.**

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h. **Talleres infantís.**

### PRAZA DE ESPAÑA

De 11.00 a 21.00 h. **Atraccións medievais para a cativada.**

A partir das 12.00 h. **Campamento medieval.**

## Guía de actividades fixas

**Asoc. Recreativa Xeve.** Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo couro de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

**Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes.** Espectáculo de danza e música (Peregrina). Taberna medieval (parte posterior Concello).

**Club Boa Vila de Tiro con Arco.** Demostración de tiro con arco e competición. Gran Vía de Montero Ríos.


**Asoc. socioc. Cedofeita.** Soportais do edificio do Museo, rúa Sarmiento. Obradoiro de confección de papel vexetal.

**A.VV. Salcedo Norte.** Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

**Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos).** Obradoiro de olaría. Ferraría.

**Asociación A Fieitiña.** Obradoiro de palillado. Pedreira.

**Ventos.** Taller de xoiería vexetal e elaboración de mandrágoras. Ferraría.



## Mercados medievais

**Mercado de ALIMENTACIÓN.** Alameda, soportais da Ferraría, Pasantería e praza de Curros Enríquez.

**Mercado de ARTESANÍA.** Avda. de Santa María.

**Mercado de demostración de OFICIOS e OBRADOIROS.** Prazas Ferraría e Peirao. Toneleiro, telleiros, oleiro, tecedeiras de liño, sombreireira, latoeiro, redeiras, palilleras, canteiros, cesteiro, ferreiros, carpinteiro, torneiro de instrumentos, curtidor de peles, tallista, artista ferreiro, carpinteiro de ribeira...